

ELEMENTOS DOS MAPAS

LE OS CADROS,
OBSERVA O MAPA E
COLOCA SEGUNDO
CORRESPONDA.



Os **paralelos** e os **meridianos** serven para localizar un punto sobre a Terra con exactitude.


A **rosa dos ventos** permítenos orientarnos no mapa.

Na maioría dos mapas inclúese **rotulación** cos nomes dos lugares ou con distintas informacións.

A **escala** indica cantas veces se reduciu o territorio que se representa.

O **título** informa sobre que trata o mapa: o territorio representado, o tema, a data, etc.

A **lenda** recolle os símbolos utilizados para representar os datos.



SELECCIONA A PALABRA CORRECTA PARA CADA DEFINICIÓN

Recolle os símbolos e cores que se utilizaron no mapa, permitíndonos coñecer o significado de cada un deles e, polo tanto, facer a súa lectura.

Indica cantas veces se reduciu o territorio que se representa.

Na maioría dos mapas inclúense os nomes dos lugares ou distintas informacións.

Permitenos orientar o mapa.
Xeralmente, cando non aparece, a parte superior do mapa está orientadaao norte.

Informa sobre que trata o mapa: o territorio representado, o tema, a data, etc. En moitos mapas non é necesario porque esa información inclúese na lenda.

Son as liñas imaxinarias que nos permiten establecer a posición concreta dun lugar sobre o mapa.